

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

6926 *Real decreto 617/2020, do 30 de xuño, polo que se modifica o Real decreto 1363/2018, do 2 de novembro, para a aplicación das medidas do programa de apoio 2019-2023 ao sector vitivinícola español.*

O Real decreto 1363/2018, do 2 de novembro, para a aplicación das medidas do Programa de apoio 2019-2023 ao sector vitivinícola español, ten por obxecto establecer a normativa básica aplicable a unha serie de medidas recollidas no Programa de apoio ao sector vitivinícola español 2019-2023, presentado polo Reino de España ante a Comisión Europea de conformidade co disposto no Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, polo que se crea unha organización común de mercados dos produtos agrarios, no relativo aos programas de apoio no sector vitivinícola, en liñas de actuación diferenciadas, destinadas, entre outras, á promoción en terceiros países, reestruturación e reconversión de viñas e investimentos.

Co obxectivo de minimizar o risco para o fondo comunitario e co fin de dar resposta ás exigencias da Comisión Europea derivadas da auditoría VIN/2019/001/ES/RLF, realizada con respecto da medida de reestruturación de viña en 2019, elimínanse da norma os importes máximos subvencionables nacionais das accións correspondentes ás medidas de reestruturación e reconversión de viñas e replantación de viñas tras arrinca obrigatoria por motivos sanitarios ou fitosanitarios por orde da autoridade competente, co obxectivo de que os ditos importes sexan adoptados polas comunidades autónomas para o seu ámbito territorial, adaptándoos á realidade de cada unha delas. Así, modifícanse no dito sentido os artigos 37, 44 e 48 (neste suprímese o número 3) e o anexo XIII. Estas modificacións operarán na convocatoria das axudas para o exercicio 2021, unha vez aprobada pola Comisión Europea a correspondente modificación do Programa de apoio.

Por outro lado, considérase conveniente clarificar a redacción e corrixir diversas erratas detectadas nos artigos 30.5, 41, 48.1, 69.b) e 79, así como modificacións técnicas nos anexos VIII e XXI, e eliminar, dese modo, calquera posible inseguridade xurídica.

Finalmente, lévanse a cabo modificacións técnicas na medida de promoción, no artigo 12.

A regulación que contén esta norma axústase aos principios recollidos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. En concreto, cumpre cos principios de necesidade e eficacia, pois trátase do instrumento máis adecuado para garantir que a normativa se aplica dun modo homoxéneo en todo o territorio nacional, o que garante o interese xeral, e de maneira adecuada á situación derivada da declaración do estado de alarma. Tamén se adecúa ao principio de proporcionalidade, pois non existe outra alternativa que impoña menos obrigacións aos destinatarios. En canto aos principios de seguridade xurídica, transparencia e eficiencia, esta norma adecúase a eles pois é coherente co resto do ordenamento xurídico, e procurouse a participación das partes interesadas, evitando cargas administrativas.

Na elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas, así como as entidades máis representativas dos sectores afectados.

Este real decreto dítase de acordo coa habilitación prevista na disposición derradeira primeira da Lei 24/2003, do 10 de xullo, e en aplicación da normativa da Unión Europea, especialmente o Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013.

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.13.^a da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica, salvo os números un e nove do artigo único,

que se ditan ao abeiro do título recollido no artigo 149.1.10.^a da Constitución española, polo que se atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de comercio exterior.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 30 de xuño de 2020,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 1363/2018, do 2 de novembro, para a aplicación das medidas do Programa de apoio 2019-2023 ao sector vitivinícola español.*

O Real decreto 1363/2018, do 2 de novembro, para a aplicación das medidas do Programa de apoio 2019-2023 ao sector vitivinícola español, queda modificado como segue:

Un. O artigo 12.3 queda redactado como segue:

«3. Para os efectos previstos no número 2, entenderanse como pequenas modificacións, entre outras, os seguintes supostos:

a) As transferencias financeiras entre as accións dun programa xa aprobado até un máximo do 20 por cento do importe autorizado na última resolución vixente para cada acción, sempre que non se supere o importe total da axuda autorizada para o programa.

b) As modificacións á baixa do orzamento do programa autorizado na última resolución vixente dentro do límite do 20 por cento sempre que sexan debidas exclusivamente a aforros orzamentarios e se executen todas as accións.

Tales circunstancias deberán estar debidamente acreditadas e serán comunicadas como norma xeral ao órgano xestor en calquera momento antes da finalización da execución. Non obstante, a criterio do órgano xestor, poderase establecer outra data que, como máis tarde, será no momento da solicitude de pagamento.»

Dous. O artigo 30.5 queda redactado da seguinte forma:

«5. No caso que o viticultor non sexa o propietario da superficie que se vai reestruturar ou reconverter, deberá achegar unha autorización por parte do propietario, ou documento xustificativo equivalente, previamente a realizar a operación correspondente.»

Tres. Os números 4, 5 e 7 do artigo 37 quedan redactados como segue:

«4. A participación nos custos da reestruturación e reconversión da viña será o resultado de aplicar a porcentaxe fixada no artigo 46.6 do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013:

a) No caso de que se aplique o pagamento mediante a forma recollida no número 5.a) deste artigo: aos importes máximos establecidos pola comunidade autónoma para cada unha das accións recollidas no anexo XIII, ou ben ao gasto efectivamente realizado e acreditado, efectuado mediante factura e xustificante de pagamento, en caso de que sexa inferior ao importe máximo correspondente.

b) No caso de que se aplique o pagamento mediante a forma recollida no número 5.b) deste artigo: aos valores dos baremos estándar de custos unitarios establecidos para cada unha das accións recollidas no anexo XIII.

En calquera dos dous casos anteriores, as comunidades autónomas poderán dispor, para o seu ámbito territorial, a aplicación dunha porcentaxe inferior á fixada no artigo 46.6 do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, e non aplicar a subvención dalgunha das accións recollidas no anexo XIII.

5. O pagamento da axuda por estas accións subvencionables poderase realizar das seguintes formas, conforme o establecido no artigo 44.1 do Regulamento delegado (UE) 2016/1149 da Comisión:

a) Con base en xustificantes presentados polos beneficiarios e mediante o establecemento de importes máximos subvencionables por accións, de maneira que a axuda concedida se baseará no menor dos dous importes, o presentado polos beneficiarios ou o importe máximo subvencionable establecido pola comunidade autónoma. Para o establecemento dos importes máximos cumprírase o establecido nos tres últimos parágrafos do artigo 44.1 do Regulamento delegado (UE) 2016/1149 da Comisión.

b) Con base en baremos estándar de custos unitarios. Para o cálculo e establecemento dos valores dos baremos estándar de custos unitarios terase en conta o establecido no artigo 24 do Regulamento de execución (UE) 2016/1150 da Comisión. Este cálculo incluírá os valores das contribucións en especie.»

«7. As comunidades autónomas que vaian aplicar a forma de pagamento mediante xustificantes presentados polos beneficiarios deberán establecer os seus límites máximos por acción na súa respectiva convocatoria de axuda e comunicarllos á Dirección Xeral de Producións e Mercados Agrarios do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, antes do 1 de maio do exercicio financeiro anterior ao anterior da súa aplicación para que poidan ser recollidos no Programa nacional de apoio.

No ano 2020, a data de remisión dos ditos límites máximos será ampliada até o 1 de novembro, para que estes límites máximos poidan ser incluídos na convocatoria de solicitudes de axuda de 2021.»

Catro. O artigo 41.2 queda redactado como segue:

«2. Será obrigatoria en todas as replantacións, salvo as situadas na Comunidade Autónoma de Canarias, a utilización de portaenxertos certificados.»

Cinco. O artigo 44.2 queda redactado como segue:

«2. A participación nos custos da replantación será o resultado de aplicar a porcentaxe fixada no artigo 46.6 do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, aos importes establecidos por cada comunidade autónoma para as accións subvencionables recollidas no anexo XIII. O montante percibido en ningún caso poderá ser superior ao que resulte da aplicación das ditas porcentaxes sobre o gasto efectivamente realizado e acreditado mediante factura e xustificante de pagamento para todas aquelas accións que non fosen executadas por medios propios.»

Seis. O artigo 48 queda redactado como segue:

«Artigo 48. *Comunicacións.*

1. As comunidades autónomas remitirán ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, antes do 15 de novembro de cada ano, e referido ao exercicio financeiro precedente, un informe anual sobre a aplicación do réxime de reestruturación e reconversión de viñas, incluído, se for o caso, un informe da replantación tras a arrinca obrigatoria por motivos sanitarios ou fitosanitarios, segundo o anexo XV.

2. As comunidades autónomas comunicarán, en caso de aplicar a medida de replantación por motivos sanitarios ou fitosanitarios, ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, antes do 1 de maio de cada ano, a lista de organismos nocivos que estean cubertos por esa medida, así como un resumo do plan estratéxico que establecesen para actuar contra eles.»

Sete. O artigo 69, letra b), queda redactado como segue:

«b) Un documento acreditativo do depósito dunha garantía de boa execución, de acordo coas condicións previstas no Regulamento delegado (UE) n.º 907/2014 da Comisión, do 11 de marzo de 2014, que completa o Regulamento (UE) n.º 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, no relativo aos organismos pagadores e a outros órganos, á xestión financeira, á liquidación de contas, ás garantías e ao uso do euro, por un importe do 15 por cento do montante do financiamento comunitario, co fin de asegurar que o beneficiario execute as accións que forman parte da operación.»

Oito. O artigo 79.3 queda redactado como segue:

«3. O órgano competente da comunidade autónoma remitirá ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, antes do 1 de xuño de cada ano, a información sobre as solicitudes presentadas unha vez comprobadas as condicións de elixibilidade de acordo co número 1 do artigo 23 do Regulamento de execución (UE) 2016/1150 da Comisión, do 15 de abril de 2016. Para cada solicitude deberán remitirse os datos mínimos do anexo XXV.

«As solicitudes que non cumpran os requisitos de admisibilidade do número 1 aplicaráselles o previsto no número 6 do artigo 23 do Regulamento de execución (UE) 2016/1150 da Comisión, do 15 de abril de 2016.»

Nove. As letras e) e f) do anexo VIII quedan redactadas como segue:

«e) Aloxamento, manutención e comidas colectivas.

– Aboarase unha axuda de custo máxima polo aloxamento: 120 euros/día en España e 180 euros/día en terceiros países, logo de presentación das facturas pagadas.

– Aboarase unha axuda de custo a tanto global por estadía de 80 euros ao día en España e de 90 euros ao día en terceiros países para cubrir todos os demais gastos (comidas, transporte local, teléfono etc.). Os gastos de taxi ou similar desde as estacións de tren ou aeroporto ao lugar de traballo ou ao domicilio non estarán incluídos nesta axuda de custo.

– Estas axudas de custo aboaranse pola participación en eventos fóra do lugar de traballo, e cubrirán o número de días necesario para a realización da actividade. Para comidas colectivas, aboarase un importe máximo de 60 euros/persoa en España e 70 euros/persoa en terceiros países, logo de presentación de facturas.

f) Viño para empregar como material promocional: no caso de catas, misións inversas e similares, será dun máximo dunha botella de cada referencia por cada seis participantes.»

Dez. O anexo XIII queda redactado como segue:

«ANEXO XIII

Accións subvencionables en reestruturación e reconversión de viñas por tipo de actividade

Actividade	Acción
A) Reimplantación de viñas.	<p>Arrinca (incluída a recollida de cepas). Preparación do solo. Preparación do solo para a plantación en covas «hoyos» na illa de Lanzarote (1). Preparación do solo para a plantación en gabias «zanjas» na illa de Lanzarote (2). Reposición de cinza volcánica «picón» (3). Desinfección. Despedregado. Nivelación do terreo. Construción de socalcos. Construción de socalcos con muros de pedra en pendentes maiores do 30%. Planta e plantación. Tubos de plástico que rodean a planta para protección contra coellos no momento da plantación (incluída a colocación). Sistemas de condución (incluída a colocación). Espaller Estacada. Parra ou semellantes. Parral baixo Canarias. Elevación individualizada.</p>
B) Reconversión de viñas.	Sobreenxertado.
C) Mellora de técnicas de xestión de viñas.	Cambio de vaso a espaller ou a outro sistema de condución.»

Once. O criterio de priorización 2.1 do anexo XXI queda redactado como segue:

«2	1	<p>Priorización das operacións con investimentos orientados ao incremento da eficiencia enerxética, sempre que isto supere o 30% do importe do investimento no momento da solicitude. En todas as solicitudes de investimentos, xa sexan de nova construción ou de mellora de instalacións xa existentes, o solicitante deberá achegar un certificado, emitido por un experto independente, que recolla os conceptos de gasto da solicitude de axuda relacionados coa eficiencia enerxética para demostrar que se supera o 30% do importe do investimento no momento da solicitude. Ademais, para o caso de mellora de instalacións xa existentes, este certificado deberá, ademais, acreditar un aforro enerxético mínimo do 15%. Para os efectos da valoración deste criterio, entenderanse incluídos exclusivamente os conceptos que se detallan na subepígrafe II desta epígrafe.»</p>
----	---	--

Disposición derradeira primeira. *Modificación do Real decreto 1179/2018, do 21 de setembro, polo que se regulan os fondos e programas operativos das organizacións de produtores do sector de froitas e hortalizas.*

Un. O número 1 da disposición adicional única queda redactado como segue:

«1. No ano 2020 os prazos de presentación previstos nos artigos 7, 8, 15 e 20.4 atrásanse até o 15 de outubro.»

Dous. O terceiro guión das condicións de subvencionabilidade da fila 1.2.2, relativa a vehículos, do cadro do número 1 do anexo IV queda redactado como segue:

«Os vehículos poderanse financiar mediante arrendamento financeiro. Neste caso, non serán subvencionables os gastos recollidos no número 12 do anexo II do Regulamento delegado (UE) n.º 2017/891.»

Tres. Na táboa do anexo V dáse unha nova redacción ás filas reguladoras de amora e papaia, e incorpórase unha nova fila, relativa ao arando, co seguinte contido:

«Produto	Importe de axuda (€/100 kg)	
	Distribución gratuita	Outros destinos
Amora.	260,04	195,03
Papaia.	32,38	24,28
Arando.	267,05	200,29»

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 30 de xuño de 2020.

FELIPE R.

O ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación,
LUIS PLANAS PUCHADES